

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA da Asociación cívico-cultural Terra de Outes, celebrada no local social do Cruceiro de Roo. Sábado, 29 de xaneiro de 2022

Sendo as 12:30 horas do día 29 de xaneiro de 2022, no local social de Roo, reúnese en segunda convocatoria, en asemblea xeral ordinaria, a asociación cívico-cultural Terra de Outes.

Asisten: Xoán Mariño (presidente), Lidia Vicente (vicepresidenta), Ramón Blanco (secretario), Enrique Vidal (tesoureiro), Vicente Abelleira (1º vogal), Xosé Manuel Luhía (2º vogal), Mari Carmen Cierto (3ª vogal), Xosé Dios, Xesús Mato, Amaro Bravo, José Antonio García, Siro López, Alberto Martínez, Manolo Martínez, Mª Soledad Nieto, José Manuel Orodea, Mª Dolores Pena, Juan Manuel Padín, Ricardo Rodríguez, Raúl Soutelo, Ignacio Suárez, Severo Pena, Mª Teresa Couto.

Lida e aprobada a acta anterior (correspondente ás asembleas xerais ordinaria e extraordinaria do 8 de maio de 2021) a directiva procede á entrega e explicación da memoria de actividades do 2021. O presidente, Xoán Mariño, explica os actos que se levaron a cabo.

-Comeza lembrando a edición dos catro números da revista, e a continuación xa lles pide a Mari Carmen Cierto e Xesús Mato que reseñen a actividade mariñeira, quen relatan:

a) Das navegacións proxectadas, a única que non se fixo, por non celebrarse, foi o Encontro de Embarcacións previsto para agosto. Asistiuse á Inchadiña en Padrón. Navegouse con escolares. Participouse dunha actividade do Concello de Outes: Mares da Fin do Mundo.

b) Curso de carpintaría de ribeira: Visitouse unha carpintaría de San Cosme e o curso foi financiado por Culturmar (ao non celebrarse o Encontro tiñan un remanente e tiñan diñeiro para actividades relacionadas; o curso saíunos gratis porque tamén nos regalaram algún material; o interese do alumnado foi excelente, recalca Xesús).

c) Había unha actividade prevista, “Padeando no Freixo”, pero por informarnos mal no horario chegamos unha hora tarde e por iso non se participou. Si se cumpriu a navegación cos profesores dalgún centro de ensino.

-Continúa Xoán Mariño: en outubro tivo lugar a XII Muiñada, na que reivindicamos a recuperación da Casa de Añón. Alberte Ansede non quixo cobrar a pesar de que insistimos. Ábrese un debate sobre a pouca afluencia de público e ausencia de representantes do Concello.

-Organizouse a presentación dun libro sobre a Memoria Histórica da comarca.

-Tamén en agosto se homenaxeara ao soldado Otero. Desaparecera a placa do monumento e repuxémola (polo que esta actuación non estaba incluído no plan do ano anterior).

-Rodrigo Romani pediu colaboración para presentar o festival de arpa de Noia. Alí anunciou que lle gustaría descentralizar e traer algún acto a Outes, do que falaremos deseguido.

-Un ano máis colaboramos coas Xornadas Socio-sanitarias.

A seguir a directiva explica o plan xeral de actividades para 2022, para que o iría destinado parte do orzamento anual:

-5 febreiro: inauguraremos a exposición da campaña de Vía Galega que reclama deportes galegos. Trátase dunha exposición sobre seleccións galegas, sobre todo de fútbol. Estará na Casa da Cultura da Serra de Outes até o 21 de febreiro. Asistirán á inauguración Anxo Louzao, comisario, e mais o seleccionador galego de fútbol gaélico.

-Maio: colocación dos debuxos dos escolares de Outes para a XII Muiñada, que non colocamos no seu momento polas restricións (non se podía inaugurar, acudir público...).

-24 de xuño: presentaremos una novela do rianxeiro Ricardo Losada, sobre a vida do poeta Manuel Antonio. Deste xeito conmemoraremos o centenario do Manifesto *Máis Alá*. Contaremos coa colaboración da asociación Barbantia.

-Agosto: na primeira semana deste mes terá lugar o festival de harpa de Noia. Un dos concertos

será en Outes, o 6 de agosto, con dous arpistas paraguayos, en Albeida.

-17 agosto: homenaxe a Chema Fuentes, 50 anos despois da súa morte a mans da policía en Santiago. Adiantámonos uns meses ao aniversario (que sería en decembro) para facelo.

-Outubro ou novembro. Muiñada: sobre o hórreos de Outes, con charlas, exposición de fotos e publicación dun libro: cada ano, se podemos, sacaremos un volume dedicado a este tema.

-Presentacións de libros, propostos por Vicente Abelleira, da autoría de Natalia Lema e Henrique Monteagudo. (M^a Dolores Pena propón marzo, cadrando co Día da Muller, para o de Natalia Lema.)

-Outubro: volverán comezar as Xornadas Socio-Sanitarias.

-Revista: publicaremos outros 4 números; un deles especial.

Toma a palabra Mari Carmen Cierto e explica que participaremos en diversas navegacións:

a) Programa Xogade, da Xunta de Galicia: tivemos sobre 150 alumnos o ano pasado, imos seguir con isto. Colaboran connosco o Club Náutico do Freixo e mais o Club náutico Portosín. En Outes temos a escola da Serra e mais o Instituto participando no programa.

b) Navegación en Pasaia.

c) Subida ao Tins a finais de xullo: do Freixo até o Cunchido, como homenaxe ao poeta Añón.

d) Xullo: feira naval no Freixo.

e) Xullo: Muros Mira ao Mar.

f) Xullo: Inchadiña, en Padrón.

g) Novembro: Mares da Fin do Mundo.

Este secretario pregunta pola continuación dos cursos de carpintaría, e comenta Juan Manuel Padín: desde Culturmar poden querer que haxa máis cursos, porque lles chegou o entusiasmo do alumnado; Xesús Mato agrega que a recuperación da carpintaría que se vai inaugurar axudará a amosar o interese por isto.

Tamén pregunta o secretario pola celebración do Cross de Broña; Ricardo Rodríguez comenta que pola nosa parte sempre haberá disposición ao que se ofrezca.

Tanto a memoria como o plan anuais son aprobados por unanimidade, e acto seguido o tesoureiro, Enrique Vidal, entrega un documento co exercicio económico do ano pasado e procede a detallalo.

Os ingresos do exercicio correspondente a 2021 son: 7.215,20 euros.

Este ano só tivemos a subvención do Concello 4.060 euros (pendente de cobrar a data de hoxe -29 de xaneiro de 2022-) pero non houbo subsidio da Deputación da Coruña.

Os gastos ascenden a algo máis de 8.029 euros.

En total, o estado de contas actual tras o exercicio 2021 dános o seguinte saldo: 6.654,40 euros.

Apróbanse as contas por unanimidade.

Acto seguido ten lugar a formalización das cotas anuais, que se manteñen no prezo de 12 euros.

Dáse paso ao punto "rogos e preguntas".

Xesús Mato roga que pidamos subvención para recuperar barcos porque o ano pasado pasóusenos. M^a Dolores Pena di que xa están as bases publicadas pero aínda non a convocatoria aberta. Comenta Xesús Mato que o traballo que nos fixeron no estaleiro de Abeijón non foi bo, porque se ven comprometidos pero son traballos que non lle acaen moito ao seu tipo de negocio. Imos recorrer agora a unha carpintaría de Rianxo, chamada Catoira, que se dedica especificamente a barcos de madeira. Houbo traballos que coincidiron en pandemia e algún barco quedou prexudicado. José Antonio García comenta que os socios que máis se ocupan dos barcos fixeron, dentro das súas posibilidades, un bo traballo de restauración.

Xosé Dios roga que a clausura das Xornadas Socio-Sanitarias que el coordina a faga Terra de Outes, a ser posible representada por Xoán Mariño, o último xoves de maio. Tamén vai estar Jorge Mira ese día. Xesús Mato apoia a petición de Xosé Dios.

Enrique Vidal pregunta se lle estamos sacando partido á subscrición a *Nós Diario*. Xoán Mariño di que calquera socio pode entrar coa clave na edición dixital do mesmo.

M^a Dolores Pena propón que tentemos que os carteis os imprima a Deputación, como fan os Concellos. Porque ademais precisan material para faceren prácticas os alumnos. O Concello podería facer a xestión. Xoán Mariño explica que na imprenta o que menos gastamos é en carteis. M^a Dolores Pena di que se se fan poucos carteis entón igual non vale a pena.

Ignacio Suárez comenta que este ano acudiu á asemblea da Fundación Galiza Cultura, na casa de Manuel María. El foi a título persoal. Un dos puntos que se tratou foi unir a asociacións culturais do país. Propón que se considere na Xunta Directiva e que se fose posible que Terra de Outes puidese formar parte da fundación Galiza Cultura, que non deixa de ser unha federación cultural. Enrique Vidal pregunta canto custa a subscrición. Neste intre non temos ese dato.

E sen ningún outro particular que tratar, levántase a sesión sendo as 13:23 horas, do cal dou fe como secretario.

En Outes, a 29 de xaneiro de 2022.